



Dona Consuelo Besada Lores, con D.N.I. 76802898X como secretaria do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondéndolle rexistralmente o nº de expediente 2009/0013009-1 (PO).

CERTIFICA:

1º Que na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 22 de xuño de 2021, con quórum dabondo e, en segunda convocatoria, adoptáronse os seguintes acordos relativos ao punto segundo da orde do día:

PUNTO 1º: Revisión da proposta definitiva de aprobación de proxectos presentados á primeira convocatoria de axudas da anualidade 2020 logo da súa devolución.

A xerente expón aos membros presentes da Xunta Directiva que se recibiu a devolución da proposta definitiva de concesión de axudas da convocatoria de 2021. Logo de analizado o documento e revisados os aspectos sinalados no mesmo, a xerencia elaborou un que se somete á consideración da Xunta Directiva.

En relación aos proxectos presentados polo Concello de Pontevedra, a devolución da proposta sinala:

De acordo co establecido no punto 3 do artigo 7 da orde de bases reguladoras, Nos municipios densamente poboados nos cales na EDLP non computa a totalidade da poboación, poderán ser beneficiarias as entidades indicadas nas letras a), b), c) e d) do punto 1, cuxos proxectos estean dirixidos á poboación integrante do sector pesqueiro e aos seus familiares, ou que presenten beneficios para o resto do territorio da zona pesqueira. Nos expedientes citados non se acredita a existencia das circunstancias esixidas.

En todos os casos, dende o GALP Ría de Pontevedra requiríuselle ao Concello de Pontevedra:

Deberá demostrar o cumprimento do apartado 3º do artigo 6.3 que di que os proxectos presentados polas entidades locais de concellos densamente poboados coma é o caso de Pontevedra, deberán estar dirixidos á poboación integrante do sector pesqueiro ou que presenten beneficios para o resto do territorio da zona pesqueira.

A resposta do Concello de Pontevedra en cada un dos proxectos foi a seguinte:

GALP 6 – 182: GUÍA DE AVES DO ENIL DA XUNQUEIRA

“ Que o resultado do proxecto “Guía de aves do ENIL Xunqueira de Alba”, que ten por obxecto a edición dunha guía de aves que habitan no ecosistema marítimo-fluvial da Xunqueira de Alba, que está declarado como Espazo Natural de Interese Local (ENIL), e que se sitúa entre os concellos de Poio e Pontevedra, presenta múltiples beneficios xa que este tipo de espazos funcionan como axentes filtrantes das augas e, polo tanto, depuradoras das augas que recibe a Ría, beneficiando tantos aos bancos marisqueiros como a pesca na nosa Ría, tal e como se sinala





na memoria do proxecto, e este tipo de proxecto axudan á concienciación da cidadanía no coidado e respecto polos mesmos. Así mesmo, este extremo indicado no artigo 6º da Orde da convocatoria queda acreditado mediante o apoio institucional recibido do Concello de Poio (que se achegou coa solicitude da axuda)."

A Xunta Directiva valora positivamente este informe así como a contribución do proxecto ao sector pesqueiro e ao resto do territorio da zona pesqueira.

GALP 6 – 183: PONTEVEDRA CON SABOR A MAR

" Que o resultado do proxecto "PONTEVEDRA CON SABOR A MAR", que ten por obxecto poñer en valor e dar a coñecer os produtos do mar locais así como fomentar o seu consumo, aínda que está dirixido á cidadanía en xeral os beneficios directos recaerán no sector pesqueiro, xa que favorecendo o consumo do produto local verá reforzado o posicionamento do produto no mercado local, entre outros beneficios que se indican na memoria, e dado que fai referencia ao produto local da Ría de Pontevedra, este proxecto presenta beneficios para todo o territorio, máxime cando os resultados van a estar a disposición de toda a poboación en Internet. Así mesmo, este extremo queda tamén acreditado mediante o apoio recibido da Confraría de Pescadores de Lourizán (que se achegou coa solicitude da axuda)."

A Xunta Directiva valora positivamente este informe así como a contribución do proxecto ao sector pesqueiro e ao resto do territorio da zona pesqueira.

GALP 6 – 185: SINALIZACIÓN ESPAZOS MARÍTIMO-FLUVIAIS DA RÍA DE PONTEVEDRA

" Que o resultado do proxecto "Sinalización espazos marítimo-fluviais da Ría de Pontevedra", que ten por obxecto a sinalización de tres espazos sinalando os cambios ao longo da historia e a súa influencia na Ría de Pontevedra, presenta beneficios para todo o territorio, dado que ao promover valores positivos de conservación do medio ambiente, favorece o desenvolvemento da actividade do sector pesqueiro ao fomentar e promover a conservación da Ría de Pontevedra. Así mesmo, este extremo indicado no artigo 6º da Orde da convocatoria queda afianzado mediante o apoio institucional recibido do Concello de Poio (que se achegou coa solicitude da axuda)."

A Xunta Directiva valora positivamente este informe así como a contribución do proxecto ao sector pesqueiro e ao resto do territorio da zona pesqueira.

No caso deste expediente a xerente da conta da solicitude do Concello de Pontevedra para devolver a súa ubicación inicial a sinal a colocar no Río Gafos e solicitan a realización da acta de non inicio neste emprazamento. Autorízase este cambio xa que se trata de voltar á concepción inicial do proxecto non unha novidade.

GALP 6 – 186: DESCUBRINDO O ENIL A XUNQUEIRA DE ALBA

" Que o resultado do proxecto "DESCUBRINDO O ENIL A XUNQUEIRA DE ALBA", que ten por obxecto a edición dun documental sobre as especies de flora e fauna deste ecosistema marítimo-fluvial da Xunqueira de Alba, que está declarado como Espazo Natural de Interese Local (ENIL),





e que se sitúa entre os concellos de Poio e Pontevedra, presenta múltiples beneficios xa que este tipo de espazos funcionan como axentes filtrantes das augas e, polo tanto, depuradoras das augas que recibe a Ría, beneficiando tantos aos bancos marisqueiros como a pesca na nosa Ría, tal e como se sinala na memoria do proxecto, e este tipo de proxecto axudan á concienciación da cidadanía no coidado e respecto polos mesmos. Ademais, a promoción deste espazo natural a beira da Ría de Pontevedra, contribuirá á atracción dun turismo ornitolóxico, de calidade e de carácter sostible, a todo o territorio o que repercutirá de xeito positivo na economía, mellorando a calidade de vida da poboación. Así mesmo, este extremo indicado no artigo 6º da Orde da convocatoria queda acreditado mediante o apoio institucional recibido do Concello de Poio (que se achegou coa solicitude da axuda).”

A Xunta Directiva valora positivamente este informe así como a contribución do proxecto ao sector pesqueiro e ao resto do territorio da zona pesqueira.

GALP 6 – 187: UNHA VIAXE ARREDOR DO COLÓN GALEGO

“ Que o proxecto “UNHA VIAXE ARREDOR DO COLÓN GALEGO” ten beneficios para o sector pesqueiro, pois fai unha aporta pola conservación do patrimonio material e inmaterial dentro da tradición pesqueira da Ría de Pontevedra, e presenta beneficios para o resto do territorio, tal e como se indica no proxecto pois o resultado principal deste proxecto será a recompilación do patrimonio marítimo vinculado a teoría da orixe galega de Cristobal Colón, ademais a través da imaxes do documental promocionarase a contorna da Ría como destino turístico. Así mesmo, este extremo queda acreditado mediante os apoios institucionais recibidos do Concello de Poio, polo Gremio de Mareantes de Pontevedra e pola Asociación Cristobal Colón Galego (que se achegaron coa solicitude da axuda).”

A Xunta Directiva valora positivamente este informe así como a contribución do proxecto ao sector pesqueiro e ao resto do territorio da zona pesqueira, tendo en conta ademais que xa se financiou un proxecto ao Concello de Pontevedra cunha temática parecida.

A devolución da proposta inclúe tamén incidencias nos seguintes proxectos:

En relación ao **proxecto presentado polo Concello de Sanxenxo (GALP 6 – 222), di:**

O Concello de Sanxenxo presentou na data do 15 de abril de 2021 documento do Ministerio para la transición ecológica y el reto demográfico polo que se concede Autorización para llevar a cabo la sustitución de los módulos de aseos existentes en las playas de Areas Gordas – a Lapa y Pragueira, así como la reparación de una pasarela y eliminación de plantas invasoras en la playa de Areas con data do 12 de marzo de 2021.

Esta autorización é a que pon os terreos a disposición do Concello de Sanxenxo polo que non se cumpre como sinala a devolución da proposta a disposición dos terreos en data anterior ao fin do prazo de presentación das solicitudes de axuda.

Por este motivo, propónse a revisión da proposta de aprobación de proxectos produtivos eliminado da proposta de aprobación ao expediente GALP 6 – 222 que é aprobada pola Xunta Directiva.



En relación ao proxecto presentado polo Concello de Meaño (GALP 6 – 192)

A devolución da proposta fai referencia a que o Concello de Meaño non achegou a cesión dos terreos. De feito o documento presentado polo Concello de Meaño carece da sinatura dun dos propietarios das fincas afectadas.

Por este motivo, propónse a revisión da proposta de aprobación de proxectos produtivos eliminado da mesma ao expediente GALP 6 – 192 que é aprobada pola Xunta Directiva.

En relación ao proxecto presentado polo Concello de Poio (GALP 6 – 213)

A devolución da proposta fai referencia a que as cesións de terreos necesarias para acometer o proxecto non constan en escritura pública.

Por este motivo, propónse a revisión da proposta de aprobación de proxectos produtivos eliminado da proposta de aprobación ao expediente GALP 6 – 213 que é aprobada pola Xunta Directiva.

En relación ao proxecto presentado por Pescados Nieves S. L. (GALP 6 – 174)

-A devolución da proposta fai referencia a que na memoria se indica “cambiaríase un camión antigo por un furgón moderno” feito polo que o consideran non subvencionable ao entender que se trata dunha mera reposición.

Porén, no informe de subvencionabilidade se indica que non se trata dunha mera reposición senón que se introduce unha nova tecnoloxía e rendemento a partir das consideracións incluídas na memoria que a continuación se sinalan:

1. O vehículo para o que agora se solicita financiamento é un furgón marca MERCEDES que incorpora unha nova tecnoloxía que cumpre a normativa de emisións EURO 6, reducindo a pegada de carbono ao tempo que se produce unha ganancia en rendemento económico pola diminución de consumo de combustible e o incremento da capacidade de venda.
2. O promotor xustifica na memoria que “a furgoneta que se pretende adquirir permitirá achegar un novo xeito de comercialización e loxística directa dos produtos capturados no mar polo propio autónomo. Esta furgoneta vai posibilitar un novo sistema de venda xa que o vehículo é axeitado para a venda directa non sempre factible co vehículo que dispoñía anteriormente.

Por este motivo, propónse trasladar estas aclaracións á Consellería do Mar co obxecto de que sexan tidas en conta para a aprobación da devandita solicitude, proposta que é aprobada pola Xunta Directiva.

En relación á dispoñibilidade de fondos nos diferentes obxectivos estratéxicos, segundo comunicación telefónica da Xefe de Servizo de Zonas Dependentes da Pesca, cómpre que o GALP



Ría de Pontevedra estableza un sistema de priorización para os proxectos produtivos e non produtivos á hora de acceder aos fondos.

A situación nos diferentes obxectivos indícase nas táboas anexas coa proposta de axuste en función dos seguintes criterios:

Priorizar os proxectos non produtivos fronte aos produtivos por que nos primeiros a execución é moi inferior a estimada na EDLP a igualdade de puntuación e manter como criterio de priorización a puntuación obtida polos proxectos tamén neste caso.

En caso de ter que aplicar a redución do importe sobreexectado no obxectivo estratéxico 2 de algún dos outros eixes, aplícalo sobre o Obxectivo estratéxico 4.

Achégase os seguintes anexos á este acordó:

- Anexo I coa proposta revisada de aprobación de proxectos produtivos e non produtivos.
- Anexo II coa proposta revisada de desestimación de proxectos produtivos e non produtivos.
- Anexo III coa situación resultante por obxectivos estratéxicos.

Ademais, abórdanse outras incidencias en diferentes expedientes:

GALP 6 – 172. Presentada unha solicitude de aprobación de contratación con vinculación ao ser un dos socios da empresa traballador da construtora que vai executar a obra. Seguindo a instrución remitida pola Consellería do Mar encargouse a elaboración dun informe sobre as condicións de contratación e oferta económica son condicións de mercado. Ante o informe favorable do perito e da xerencia a Xunta Directiva se pronuncia favorablemente sobre a autorización da contratación proposta polo solicitante da axuda.

GALP 6 – 198. Presentada unha solicitude de aprobación de contratación con vinculación ao ser un o solicitante da axuda fillo do dono do asteleiro no que pretende mercar os equipamentos. Seguindo a instrución remitida pola Consellería do Mar encargouse a elaboración dun informe sobre as condicións de contratación e oferta económica son condicións de mercado. Ante o informe favorable do perito e da xerencia, a Xunta Directiva se pronuncia favorablemente sobre a autorización da contratación proposta polo solicitante da axuda.

GALP 6 – 176. Neste período de tempo transcorrido o promotor presentou un reaxuste no cronograma para axustarse á modificación que se introducira dende a xerencia do GALP para adaptar o reparto de anualidades á norma que di que, aló menos, debe reservarse o 20 % do orzamento para a xustificación final. Apróbase o reparto orzamentario proposto polo promotor.

Polo tanto, feitas as modificacións e achegas de documentación procedentes que se recollen neste acordo, procédese a modificar a proposta de resolución definitiva de aprobación de proxectos segundo se recolle no Anexo 1.





Ante as evidentes dificultades de axuste da execución de cada un dos obxectivos estratéxicos, solicítase á Consellería do Mar se arbitre un procedemento para permitir realizar axustes na execución da EDLP en función da execución dos proxectos aprobados nos diferentes obxectivos estratéxicos para que non se produza perdas de execución pola rixidez establecida na Orde de axudas de 2018.

A Xunta Directiva acorda publicar a presente proposta de resolución definitiva no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web <https://galp.xunta.gal/e> na do GALP coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

E para que conste expido esta certificación co Visto e prace da presidenta do GALP Ría de Pontevedra en Marín a 22 de xuño de 2020.

Vº Bº da presidenta,

Dona Consuelo Besada Lores

Dona María del Carmen Vázquez Nores